



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

1

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o dez de xuño do ano dous mil dezaseis, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Nóvoa, dona Ana M.ª Villarino Pardo, don Manuel Doval Soto, don Juan Anta Rodríguez e don Pablo Pérez Pérez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 30 DE MAIO DE 2016.-

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día trinta de maio de dous mil dezaseis, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE CON MOTIVO DO DÍA NACIONAL DAS LINGUAS DE SIGNOS ESPAÑOLAS.-

Con motivo do Día Nacional das Linguas de Signos Españolas, a Deputación Provincial de Ourense quere pór de relevo o valor destas linguas no exercicio dos dereitos, deberes e liberdades das persoas xordas e xordocegas, como garantes da súa participación igualitaria na vida democrática.

As linguas de signos son o resultado do proceso de mutua interacción entre bioloxía e cultura no ser humano e constitúen un gran expoñente da súa capacidade creativa e de adaptación. Como linguas naturais dan resposta á necesidade de comunicarse e interactuar co medio, axudan a estrutura-lo pensamento e encarnan a historia, as visións do mundo e as emocións dos seus usuarios e usuarias.

Co seu recoñecemento a nivel estatal na Lei 27/2007 e autonómico na Lei 10/2014, de accesibilidade de Galicia, a nosa sociedade e as nosas institucións comprométense tanto a



Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

promove-la aprendizaxe e coñecemento das linguas de signos españolas como a garanti-lo seu uso libre en tódolos ámbitos da vida.

A Deputación de Ourense apela a tódalas institucións, axentes públicos, sociais e ó conxunto da cidadanía para actuar de forma comprometida para colocar ás linguas de signos españolas en condicións de igualdade, en tódalas esferas da vida educativa, social, cultural, económica e política do noso municipio de Ourense. As linguas xogan un rol fundamental para a convivencia e o respecto das nosas comunidades, por isto debemos artellar medidas que garantan a protección das linguas de signos españolas.

A Deputación de Ourense estará sempre ó lado de quen tamén defenda a igualdade, a xustiza social, a inclusión e a diversidade, e, neste sentido, reconece o labor do movemento asociativo da CNSE, Confederación Estatal de Personas Sordas, que contribuíu decisivamente a que estas linguas acaden un status legal e social, pero, sobre todo, por ter mantido vivo un legado que forma parte do patrimonio común de toda a cidadanía.

3.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA A REALIZACIÓN DE FESTIVAIS, CICLOS, MOSTRAS OU ACTIVIDADES ANÁLOGAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2016.- Unha vez finalizado o prazo de alegacións á resolución provisional de data 3 de xuño de 2016, do concurso público para a concesión de subvencións para realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2016, cuxas bases e convocatoria foron aprobadas pola Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 20 de novembro de 2015 e publicadas no BOP n.º 275, do 30 de novembro de 2015), a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, adopta o seguinte **acordo**:

1º) Desestimar a alegación presentada por don Emilio Rodríguez Álvarez, en representación da Asociación Orfeón do Carballiño, polos motivos indicados na parte expositiva da acta que se achega con esta proposta.

2º) Excluir da valoración os seguintes proxectos, polos motivos que se indican:

- **ASOCIACION CULTURAL REBULIR:** "Participación no Festival Internacional de Sarvar": A participación neste proxecto realizarase fóra da provincia de Ourense, contravindo o que establece a base primeira da convocatoria que dispón que "...O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte da Deputación Provincial de Ourense, de subvencións para o financiamento de festivais, ciclos, mostras ou





(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

3

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

actividades análogas relacionadas coas artes escénicas e musicais promovidos por persoas físicas ou xurídicas, que se desenvolvan integramente na provincia de Ourense e que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2016, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrência competitiva.”

- **AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA QUEIXUMES DOS PINOS:** “Participación International Folk Festival Razgrad (Bulgaria): Igual que no suposto anterior, trátase dunha participación desta entidade nun festival que non se realiza na provincia de Ourense, polo que esta solicitude queda excluída do obxecto subvencionable da presente convocatoria.

- **ASOCIACIÓN CULTURAL RECREATIVA E XUVENIL REBULE ARNOIA:** “Certame Cantos de Nadal na Arnoia”: Non ten encaixe na presente convocatoria xa que se trata dun obradoiro, actividade esta que non se corresponde coa definición do obxecto deste concurso (...”financiamento de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas relacionadas coas artes escénicas e musicais”).

“Aula taller música tradicional”: Como o seu propio título indica, esta actividade consiste nunha aula taller e tampouco ten encaixe nesta convocatoria.

- **ASOCIACIÓN LIMISI:** Trátase dun suposto semellante ao anterior suposto, xa que a actividade para realizar consiste nun obradoiro de teatro que se executará todo o ano e que non ten encaixe nesta convocatoria.

- **AAVV SAN PEDRO DE RIBEIRA:** “O ciclo do pan- cocción no forno do pobo”. Non se trata, en ningún caso, dunha actuación subvencionable neste concurso, xa que se trata da recuperación da tradición da cocción do pan acompañado dunha actuación musical.

- **POZO OTERO M.ª BELEN:** “Camiñando a carón da música”: Non ten encaixe na presente convocatoria, xa que se trata de actividades recreativas para nenos en período escolar, non tendo, polo tanto, o carácter puntual que, por propia definición, se lle atribúe aos proxectos subvencionables nesta convocatoria.

- **FUNDACIÓN VICENTE RISCO:**

“Ciclo e cine Caspervek”: Tendo en conta que a emisión de películas non se considera obxecto subvencionable neste concurso por non ser unha actuación escénica e que a teor da documentación valorable presentada con esta solicitude, resulta imposible



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

4

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

desagregar o orzamento para diferenciar o custo do cine do custo da música en directo, débese excluír esta solicitude.

“Diálogo entre culturas: Galiza-Guiné Bissau”: Non ten encaixe na presente convocatoria por non consistir nunha actuación escénica ou musical.

- CONCELLO DE BAÑOS DE MOLGAS: “BIC Sta. Eufemia”: Non ten encaixe na presente convocatoria, xa que a finalidade deste proxecto consiste, tal e como indica o solicitante, na recuperación deste BIC e no debate sobre o cine galego, non gardando ningunha relación co obxecto da presente convocatoria.

- CONCELLO DE PETÍN: “Feira de 1812”: Como o seu propio nome indica, trátase dunha recreación dunha feira con actuacións musicais (sen concretar na documentación valorable), toda vez que estas actuacións que son complementarias ao proxecto principal que é a feira, se poden subvencionar a través do concurso correspondente convocado por esta Deputación Provincial.

3º) **Denegarlles** a concesión de subvención aos seguintes proxectos, por non acadar a puntuación mínima de 5 puntos, establecida pola Comisión de Valoración e de conformidade coa base 9.3 da convocatoria:

Asociación Cultural Recreativa e Xuvenil Rebule

II Festival Certame de Pandereteiras Arnoia
Viva

4º) **Concederlles**, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, aos proxectos seguintes:

SOLICITANTE/ACTIVIDADE	INTERESE SOCIAL	AUTO FINANCIAMENTO	TOTAL PUNTOS	IMPORTE CONCEDIDO €
Agrupación folclórica Queixumes dos Pinos:	13,2	40	53,19	8.078,24.-
- Festival de Música de Rafz Sonamos Galicia-Ourense 2016	3,9	10	13,93	2.115,62.-
- Domingos en Festa 2016	3,1	10	13,14	1.995,64.-
- Estrea Espectáculo “Ourense no corazón”	1,7	10	11,71	1.778,46.-
- V Festival Internacional de la Canción Popular IGF Caravan	4,4	10	14,41	2.188,52.-
Anais Barbier Obenza:	3,2	7	10,21	1.550,65.-
- 2º Ciclo de Músicas de sofá	3,2	7	10,21	1.550,65.-



1. Sinatura do Presidente

Folha N.º

5

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

Asociación "Rondalla Alecrin":	3,0	10	13,04	1.980,45.-
- XVI Certame Rondallas e Corais "Santiago Apóstolo"	3,0	10	13,04	1.980,45.-
Asociación Coral Polifónica Candea:	0,9	5	5,95	903,66.-
- Festival de Música Sta. Cecilia	0,9	5	5,95	903,66.-
Asociación Cultural Banda de Música de Ribadavia:	12,6	30	42,58	6.308,98.-
- Música de Cámara 2016	3,8	10	13,83	1.950,00.-
- Noites do Castelo 2016	6,5	10	16,52	2.508,98.-
- XVI Xuntanza	2,2	10	12,23	1.850,00.-
Asociación Cultural Ecolóxico Educativa Arteficial:	6,2	10	16,17	2.455,82.-
- X Festival Arteficial	6,2	10	16,17	2.455,82.-
Asociación Cultural Live for Madness:	3,9	10	13,95	2.118,66.-
- 6º Live for Madness Metal Fest	3,9	10	13,95	2.118,66.-
Asociación Cultural Música e Cultura de Galicia:	2,3	17	19,32	1.723,90.-
- Festival da IX Festa da Música Popular	1,9	7	8,93	900,00.-
- Festival da III Festa da Primavera	0,4	10	10,39	823,90.-
Asociación Cultural Ouren 2015:	14,5	10	24,48	3.717,91.-
- Ourenrock Sound Festival	14,5	10	24,48	3.717,91.-
Asociación Cultural Silfest:	6,7	10	16,72	2.539,35.-
- Silfest	6,7	10	16,72	2.539,35.-
Asociación Cultural Veciños do Xurés:	5,0	10	15,03	2.282,68.-
- Festival Rúa	5,0	10	15,03	2.282,68.-
Asociación Cultural Xingros:	9,8	10	19,78	3.004,09.-
- III Festival Hércules Brass Celanova.	9,8	10	19,78	3.004,09.-
Asociación de Veciños de Moreiras:	0,5	10	10,50	1.000,00.-
- I Mostra de Teatro na Rúa	0,5	10	10,50	1.000,00.-
Asociación Orfeón do Carballiño:	3,0	5	8,01	1.216,52.-
- XXXIII Festival de Habaneras	3,0	5	8,01	1.216,52.-
Asociación Xuvenil Galiza em punk:	1,0	10	10,97	1.666,07.-
- Festival "Berra em galego"	1,0	10	10,97	1.666,07.-
Concello da Arnoia:	1,4	7	8,44	1.281,83.-
- II Festival de Pandereteiras	1,4	7	8,44	1.281,83.-
Concello da Peroxa:	0,9	10	10,85	1.647,85.-
- II Festival Charangas "Noites dos Metelos"	0,9	10	10,85	1.647,85.-
Concello de Baños de Molgas:	1,7	7	8,66	1.315,24.-
- Son da Burga	1,7	7	8,66	1.315,24.-
Concello de Castrelo de Miño:	7,6	7	14,63	2.221,93.-
- Ribeiro Blues Winefestival	7,6	7	14,63	2.221,93.-
Concello de Celanova:	3,8	7	10,82	1.643,29.-
- 1ª Mostra de Escolas de Teatro municipais de Galicia. Celanova.	3,8	7	10,82	1.643,29.-
Concello de Parada de Sil	4,7	14	18,66	2.833,99.-
- II Ciclo de Concertos no Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil	3,9	7	10,95	1.663,03.-
- II Certame de Corais Aqua Música				

EL NUMERADO
RPORACIONES
LOCAIS



(Sinatura do Presidente)

Foto 14

6

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

Ribeira Sacra	0,7	7	7,71	1.170,96.-
Concello de Ribadavia	5,4	7	12,41	1.884,77.-
- UKP DAY	5,4	7	12,41	1.884,77.-
Concello de Viana do Bolo	4,4	20	24,39	3.704,24.-
- Festival Musical "A Xostra Rock" 2016	2,9	10	12,92	1.962,23.-
- Ciclo outono teatral	1,5	10	11,47	1.742,01.-
Concello de Vilamarín	4,1	7	11,14	1.691,89.-
- Noites Teatrais 2016. XXIX Edición	4,1	7	11,14	1.691,89.-
Concello de Xunqueira de Ambía	4,7	7	11,65	1.769,35.-
- XXVII Ciclo de Órgano e Música antiga	4,7	7	11,65	1.769,35.-
Concello do Barco de Valdeorras	3,4	10	13,45	2.042,72.-
- De perto. Espazos de cultura no Barco	3,4	10	13,45	2.042,72.-
Concello do Carballiño	2,2	10	12,22	1.484,66.-
- VIII Festival de Títeres no Carballiño	2,2	10	12,22	1.484,66.-
Coral Polifónica Auria Canta	2,3	5	7,26	1.102,61.-
- XV Festival Internacional de Corales	2,3	5	7,26	1.102,61.-
Fankani Producións, SL	28,5	10	38,50	5.847,20.-
- Festival Reperkusión	28,5	10	38,50	5.847,20.-
Federación Limiar	0,7	10	10,70	1.400,00.-
- V Certame de Música popular galega	0,7	10	10,70	1.400,00.-
Fundación Vicente Risco	4,5	24	28,47	4.323,89.-
- Petiscos Musicais	0,7	7	7,71	1.170,96.-
- Simposiums Musicais	2,8	10	12,81	1.945,52.-
- Ciclo Poético FVR-2016	0,9	7	7,95	1.207,41.-
Sociedade Recreativa Musical da Banda Popular de Lobios	0,5	7	7,55	1.146,66.-
- IV Edición Festival de bandas de música popular	0,5	7	7,55	1.146,66.-
Tiruleque, Grupo de Teatro	3,9	10	13,85	2.103,47.-
- IX Mostra de Teatro Amador "Terras do Orcellón" 2016	3,9	10	13,85	2.103,47.-
Total xeral	173,0	373	543,55	79.992,57.-

ANEXO: ACTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES DA PROPOSTA PROVISIONAL DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS PRESENTADOS AO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA A REALIZACIÓN DE FESTIVAIS, CICLOS, MOSTRAS OU ACTIVIDADES ANÁLOGAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2016. (BOP N.º 275, DO 30 DE NOVIEMBRE DE 2015).- En Ourense, no Pazo Provincial, ás doce horas do día 3 de xuño de dous mil dezaseis, reuniuse a Comisión de Valoración do concurso convocado pola Deputación Provincial de Ourense para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2016 (cuxas



Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

bases e convocatoria foron publicadas no BOP n.º 275, do 30 de novembro de 2015) e **formulouse proposta provisional do concurso.**

Con data 20 de maio de 2016 someteuse esta proposta provisional de resolución a trámite de audiencia polo período de dez días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 84 da Lei 30/92, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación.

En tempo e forma, presentou alegacións o seguinte solicitante:

- Don Emilio Rodríguez Álvarez, en representación da Asociación Orfeón do Carballiño.

O alegante indica que a súa aportación, tendo en conta o orzamento presentado e a contía de concesión proposta, supera o 70%, e que no festival para este ano concorren tres corais mais.

En relación con esta alegación, indícase o seguinte:

A base novena da convocatoria, relativa aos criterios de valoración, dispón, no seu apartado b), que o esforzo de autofinanciamento realizado polo solicitante se determina pola existencia de fonte de autofinanciamento ou financiamento privado do proxecto baseándose nas seguintes porcentaxes:

- | | |
|--------------------------------------|------------|
| - Máis do 50% de autofinanciamento: | 10 puntos. |
| - Máis do 25% de autofinanciamento: | 7 puntos. |
| - Máis do 15% de autofinanciamento: | 5 puntos. |
| - Máis do 7,5% de autofinanciamento: | 3 puntos. |
| - Máis do 5% de autofinanciamento: | 2 puntos. |
| - Menos do 5% de autofinanciamento: | 1 punto. |
| - Sen autofinanciamento: | 0 puntos. |

No caso do proxecto "*XXIII Festival de Habaneras*", o solicitante presentou un orzamento de 6.350,00 € e solicitou unha axuda por importe de 4.850,00 €, é dicir, solicita un 76,38% do custo total do proxecto, quedando reducida a súa aportación a un 23,62% e correspondéndolle, polo tanto, 5 puntos.

En ningún caso, tal e como fixo o alegante, se pode calcular a porcentaxe de aportación do solicitante, tendo en conta datos posteriores á valoración do presente concurso,



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

8

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

xa que os datos que se utilizan para baremar calquera concurso, son os presentados en tempo e forma, coa solicitude de subvención.

Por outro lado, en relación co indicado polo alegante de que este ano concorren tres corais mais, este é un dato que tivo que contemplarse no orzamento presentado coa solicitude da subvención

En consecuencia do exposto, a valoración está correctamente realizada, polo que se mantén o enunciado na proposta provisional de resolución.

En virtude de canto antecede, a **comisión**, por unanimidade, **acorda elevarlle á Xunta de Goberno** da Deputación **proposta definitiva de resolución** do concurso co seguinte contido:

1º) **Desestimar** a alegación presentada por don Emilio Rodríguez Álvarez, en representación da Asociación Orfeón do Carballiño, polos motivos indicados na parte expositiva da presente acta.

2º) **Excluír da valoración** os seguintes proxectos polos motivos que se indican:

- ASOCIACION CULTURAL REBULIR: "Participación no Festival Internacional de Sarvar": A participación neste proxecto realizarase fora da provincia de Ourense, contravindo o que establece a base primeira da convocatoria que dispón que "...O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte da Deputación Provincial de Ourense, de subvencións para o financiamento de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas relacionadas coas artes escénicas e musicais promovidos por persoas físicas ou xurídicas, que se desenvolvan integramente na provincia de Ourense e que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2016, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva."

- AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA QUEIXUMES DOS PINOS: "Participación International Folk Festival Razgrad (Bulgaria): Igual que no suposto anterior, trátase dunha participación desta entidade nun festival que non se realiza na provincia de Ourense, polo que esta solicitude queda excluída do obxecto subvencionable da presente convocatoria.

- ASOCIACIÓN CULTURAL RECREATIVA E XUVENIL REBULE ARNOIA: "Certame Cantos de Nadal na Arnoia": Non ten encaixe na presente convocatoria xa que se trata dun obradoiro, actividade esta que non se corresponde coa definición do



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

9

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

obxecto deste concurso (...“financiamento de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas relacionadas coas artes escénicas e musicais”).

“Aula taller música tradicional”: Como o seu propio título indica, esta actividade consiste nunha aula taller e tampouco ten encaixe nesta convocatoria.

- ASOCIACIÓN LIMISI: Trátase dun suposto semellante ao anterior suposto xa que a actividade a realizar consiste nun obradoiro de teatro que se executará todo o ano e que non ten encaixe nesta convocatoria.

- AAVV SAN PEDRO DE RIBEIRA: “O ciclo do pan- cocción no forno do pobo”. Non se trata, en ningún caso, dunha actuación subvencionable neste concurso xa que se trata da recuperación da tradición da cocción do pan acompañado dunha actuación musical.

- POZO OTERO M^a BELEN: “Camiñando a carón da música”: Non ten encaixe na presente convocatoria xa que se trata de actividades recreativas para nenos

en período escolar, non tendo, polo tanto, o carácter puntual que, por propia definición, se lle atribúe aos proxectos subvencionables nesta convocatoria.

- FUNDACIÓN VICENTE RISCO:

“Ciclo e cine Caspervek”: Tendo en conta que a emisión de películas non se considera obxecto subvencionable neste concurso por non ser unha actuación escénica e que a tenor da documentación valorable presentada con esta solicitude, resulta imposible desglosar o orzamento para diferenciar o custo do cine do custo da música en directo, débese excluír esta solicitude.

“Diálogo entre culturas: Galiza-Guiné Bissau”: Non ten encaixe na presente convocatoria por non consistir nunha actuación escénica ou musical.

- CONCELLO DE BAÑOS DE MOLGAS: “BIC Sta. Eufemia”: Non ten encaixe na presente convocatoria xa que a finalidade deste proxecto consiste, tal e como indica o solicitante, na recuperación deste BIC e no debate sobre o cine galego, non guardando ningunha relación co obxecto da presente convocatoria.

- CONCELLO DE PETÍN: “Feira de 1812”: Como o seu propio nome indica, trátase dunha recreación dunha feira con actuacións musicais (sen concretar na documentación valorable), toda vez que estas actuacións que son complementarias ao



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

10

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

proxecto principal que é a feira, pódense subvencionar a través do concurso correspondente convocado por esta Deputación Provincial.

3º) **Denegar** a concesión de subvención ós seguintes proxectos por non acadar a puntuación mínima de 5 puntos, establecida pola Comisión de Valoración e de conformidade coa base 9.3 da convocatoria:

Asociación Cultural Recreativa e Xuvenil Rebule

II Festival Certame de Pandereteiras Arnoia
Viva

4º) **Conceder**, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ós proxectos seguintes:

Solicitantes	Actividad	Int.	Autof	Total	Concedido
Agrupación Folclórica Queixumes dos Pinos		13,2	40	53,19	8.078,24 €
	Festival de Música de Raíz Sonamos	3,9	10	13,93	2.115,62 €
	Domingos en Festa 2016	3,1	10	13,14	1.995,64 €
	Estreo Espectáculo "Ourense no	1,7	10	11,71	1.778,46 €
	V Festival Internacional de la	4,4	10	14,41	2.188,52 €
Anais Barbier Obenza		3,2	7	10,21	1.550,65 €
	2º Ciclo de Músicas de sofá	3,2	7	10,21	1.550,65 €
Asociación "Rondalla Alecrín"		3,0	10	13,04	1.980,45 €
	XVI Certame Rondallas e Corais	3,0	10	13,04	1.980,45 €
Asociación Coral Polifónica Candea		0,9	5	5,95	903,66 €
	Festival de Música Sta. Cecilia	0,9	5	5,95	903,66 €
Asociación Cultural Banda de Música de Ribadavia		12,6	30	42,58	6.308,98 €
	Música de Cámara 2016	3,8	10	13,83	1.950,00 €
	Noites do Castelo 2016	6,5	10	16,52	2.508,98 €
	XVI Xuntanza	2,2	10	12,23	1.850,00 €
Asociación Cultural Ecolóxico Educativa Arteficial		6,2	10	16,17	2.455,82 €
	X Festival Arteficial	6,2	10	16,17	2.455,82 €
Asociación Cultural Live for Madness		3,9	10	13,95	2.118,66 €
	6º Live for Madness Metal Fest	3,9	10	13,95	2.118,66 €
Asociación Cultural Música e Cultura de Galicia		2,3	17	19,32	1.723,90 €
	Festival da IX Festa da Música	1,9	7	8,93	900,00 €
	Festival da III Festa da Primavera	0,4	10	10,39	823,90 €
Asociación Cultural Ouren 2015		14,5	10	24,48	3.717,91 €



(Sinatura do Presidente)

Folha N.º

11

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

Ourenrock Sound Festival	14,5	10	24,48	3.717,91 €
Asociación Cultural Silfest	6,7	10	16,72	2.539,35 €
Silfest	6,7	10	16,72	2.539,35 €
Asociación Cultural Veciños do Xurés	5,0	10	15,03	2.282,68 €
Festival Rúa	5,0	10	15,03	2.282,68 €
Asociación Cultural Xingros	9,8	10	19,78	3.004,09 €
III Festival Hércules Brass Celanova	9,8	10	19,78	3.004,09 €
Asociación de Veciños de Moreiras	0,5	10	10,50	1.000,00 €
I Mostra de Teatro na Rúa	0,5	10	10,50	1.000,00 €
Asociación Orfeón do Carballiño	3,0	5	8,01	1.216,52 €
XXXIII Festival de Habaneras	3,0	5	8,01	1.216,52 €
Asociación Xuvenil Galiza em punk	1,0	10	10,97	1.666,07 €
Festival "Berra em galego"	1,0	10	10,97	1.666,07 €
Concello da Arnoia	1,4	7	8,44	1.281,83 €
II Festival de Pandereteiras	1,4	7	8,44	1.281,83 €
Concello da Peroxa	0,9	10	10,85	1.647,85 €
II Festival Charangas "Noite dos	0,9	10	10,85	1.647,85 €
Concello de Baños de Molgas	1,7	7	8,66	1.315,24 €
Son da Burga	1,7	7	8,66	1.315,24 €
Concello de Castrelo de Miño	7,6	7	14,63	2.221,93 €
Ribeiro Blues Winefestival	7,6	7	14,63	2.221,93 €
Concello de Celanova	3,8	7	10,82	1.643,29 €
1ª Mostra de Escolas de Teatro	3,8	7	10,82	1.643,29 €
Concello de Parada de Sil	4,7	14	18,66	2.833,99 €
II Ciclo de Concertos no Mosteiro de	3,9	7	10,95	1.663,03 €
II Certame de Corais Aqua Música	0,7	7	7,71	1.170,96 €
Concello de Ribadavia	5,4	7	12,41	1.884,77 €
UKP DAY	5,4	7	12,41	1.884,77 €
Concello de Viana do Bolo	4,4	20	24,39	3.704,24 €
Festival Musical "A Xostra Rock"	2,9	10	12,92	1.962,23 €
Ciclo outono teatral	1,5	10	11,47	1.742,01 €
Concello de Vilamarín	4,1	7	11,14	1.691,89 €
Noites Teatrais 2016. XXIX Edición	4,1	7	11,14	1.691,89 €
Concello de Xunqueira de Ambía	4,7	7	11,65	1.769,35 €
XXVII Ciclo de Órgano e Música	4,7	7	11,65	1.769,35 €
Concello do Barco de Valdeorras	3,4	10	13,45	2.042,72 €
De perto. Espazos de cultura no	3,4	10	13,45	2.042,72 €
Concello do Carballiño	2,2	10	12,22	1.484,66 €

EL NUMERADO
RACIONAL
DE LAS
CORPORACIONES
LOCALES



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

12

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

VIII Festival de Títeres no Carballiño	2,2	10	12,22	1.484,66 €
Coral Polifónica Auria Canta	2,3	5	7,26	1.102,61 €
XV Festival Internacional de Corales	2,3	5	7,26	1.102,61 €
Fankani Producions S.L.	28,5	10	38,50	5.847,20 €
Festival Reperkusión	28,5	10	38,50	5.847,20 €
Federación Limiar	0,7	10	10,70	1.400,00 €
V Certame de Música popular	0,7	10	10,70	1.400,00 €
Fundación Vicente Risco	4,5	24	28,47	4.323,89 €
Petiscos Musicais	0,7	7	7,71	1.170,96 €
Simposiums Musicais	2,8	10	12,81	1.945,52 €
Ciclo Poético FVR-2016	0,9	7	7,95	1.207,41 €
Sociedade Recreativa Musical da Banda Popular	0,5	7	7,55	1.146,66 €
IV Edición Festival de bandas de	0,5	7	7,55	1.146,66 €
Tiruleque, Grupo de Teatro	3,9	10	13,85	2.103,47 €
IX Mostra de Teatro Amador "Terras	3,9	10	13,85	2.103,47 €
Total general	173,0	373	543,55	79.992,57 €

4.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS INTERNACIONAIS DENTRO DO PROGRAMA OURENSE LÍDER DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O ANO 2016, (BOP N.º 101, DO 3 DE MAIO DE 2016).- Unha vez vista a proposta de resolución para a concesión de bolsas internacionais dentro do programa Ourense Líder da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2016, cuxas bases foron publicadas no BOP n.º 101, do 3 de maio de 2016, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1.- Excluí-los seguintes solicitantes, polos motivos que a continuación se indican:

1.º) Por non concorrer ás probas de selección, establecidas na base sétima da convocatoria:

- A. Non concorrer á realización da proba de lingua estranxeira indicada na solicitude.
- B. Non concorrer á proba de entrevista persoal.

A) Relación de solicitantes que non concorreron á proba de idiomas, exame de lingua inglesa:

ORDE	DNI	APELIDOS	NOME
1	76731535-Q	ÁLVAREZ GONZÁLEZ	GUILLERMO
2	44656939-R	AÑEL PEREIRA	ALEJANDRA



Signature of the President

Folio N.º

13

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

3	44656396-X	BOUZA ROMERO	LAURA
4	44466725-C	CID ÁLVAREZ	PATRICIA
5	44472331-Z	CÉSPEDES RODRÍGUEZ	CRISTINA
6	76733450-E	CONDE FERNÁNDEZ	LUCÍA
7	76734579-R	DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ	NOELIA
8	44496005-K	FERRO VIÚDEZ	BERTA
9	76733494-C	GAGO GONZÁLEZ	ELISA MARÍA
10	44487319-Y	GONZÁLEZ IGLESIAS	MARÍA
11	44661076-K	GONZÁLEZ LÓPEZ	ANA BELÉN
12	44470147-S	IGLESIAS OUTEIRÑO	INÉS
13	44480414-R	PARDO VÁZQUEZ	ALEJANDRO
14	44466601-B	PRIMO ARIAS	PATRICIA
15	44457529-R	PUENTES MADARNAS	ANA
16	44493299-Y	REVERTER CID	MARGARITA
17	44469069-H	RODRÍGUEZ ÁLVARO	ROBERTO
18	44463277-E	SÁNCHEZ GONZÁLEZ	CARLOS
19	76728842-Z	TRINCADO FERNÁNDEZ	ANDREA
20	44490245-B	TRIGO IGLESIAS	ANA BELÉN

B) Relación de solicitantes que, unha vez superada a proba de idiomas, non concorreron á entrevista persoal.

ORDE	DNI	APELIDOS	NOME
1	44470998-S	CARDAMA GARCÍA	RODRIGO
2	44458354-K	VARELA CIDRE	CARLOS

2º) Por non acadar-la nota mínima na proba de idiomas.

ORDE	DNI	APELIDOS	NOME	NOTA
1	44468325-X	CID FEIJÓO	SARA	4.67
2	44484185-T	POSADA RODRÍGUEZ	MANUEL	4.67

3º) Por non cumprir-os requisitos documentais recollidos nas bases, ou por non achegar-la documentación requirida en tempo e forma.

ORDEN	DNI	APELIDOS	NOME	CAUSA DE EXCLUSIÓN
-------	-----	----------	------	--------------------



Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

1	44658575-G	ALAÑÓN MARTÍNEZ	MARINA COVADONGA	Non achegar documentación relativa a "ter obtido" o título académico co que concorre ás bolsas Líder.
2	44497002-Y	PÉREZ GONZÁLEZ	BEATRIZ	Concorrer cunha titulación académica obtida no ano 2012
3	44458506-N	RODRÍGUEZ DÍAS	ADRIÁN	Non achegar documentación acreditativa suficiente de nivel de idiomas B2 en tempo e forma.
4	44481217-E	RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ	MIRIAM	Concorrer cunha titulación non recollida dentro das titulacións detalladas nas bases da convocatoria.

2.- Concedérle-las seguintes bolsas ás persoas que se indican a continuación e que acadaron as puntuacións que lle dan acceso directo a seren beneficiarias das Bolsas Líder.

A puntuación que se reflicte na seguinte táboa fai referencia aos seguintes criterios:

- 50% da nota obtida na proba de idioma de lingua estranxeira inglés
- 50% da nota obtida na entrevista persoal
- Nota final acadada por cada un dos solicitantes

ORDE	DNI	APELIDOS	NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	49712378-V	ACOSTA CARBALLOSA	JORGE NELSON	8.415
2	44660014-V	GONZÁLEZ BARBOSA	ADRIÁN	8.235
3	71506268-G	FERNÁNDEZ POMAR	JUAN JESÚS	8.065
4	44483463-Z	ÁLVAREZ-TESTA SÁNCHEZ	LAURA	7.815
5	44655600-L	VILLAR PRIETO	CRISTIAN	6.335
6	44486393-T	ÁLVAREZ GONZÁLEZ	JAVIER	6.165

O número final de persoas que obtiveron a Bolsa Líder é de seis.

Non se establece lista de reserva debido a falta de candidatos que cumpran os requisitos esixidos, quedando polo tanto excluídos do procedemento, como así se reflectiu anteriormente.

3º.- A notificación desta resolución realizarase exclusivamente a través da súa publicación

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016**

na sede electrónica da Deputación Provincial.

5.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS ÓS CONSELLOS REGULADORES DAS DENOMINACÍONS DE ORIXE VITIVINÍCOLAS PARA ACCÍONS DE PROMOCIÓN E XESTIÓN DURANTE O ANO 2016.

- Unha vez vistas as bases da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións ós consellos reguladores das denominacións de orixe vitivinícolas para accións de promoción e xestión durante o ano 2016, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, adopta o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar as referidas bases, consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto

O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e a concesión, por parte da Deputación provincial de Ourense, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia non competitiva, das subvencións para accións de promoción e xestión dos consellos reguladores das denominacións de orixe vitivinícolas da provincia de Ourense durante o ano 2016.

Para os efectos desta convocatoria, consideraranse accións de promoción e xestión todos aqueles proxectos que teñan por obxecto promover e dinamizar este sector económico.

Segunda.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria os consellos reguladores das denominacións de orixe vitivinícolas da provincia de Ourense recoñecidos ao abeiro do disposto na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega e do Decreto 4/2007, de 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario.

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias:

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 43141 / 47901 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2016.

A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de 200.000 euros.



Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

Cuarta.- Contía das subvencións:

A contía máxima das subvencións que se concedan ao abeiro desta convocatoria será de 50.000,00 € para cada beneficiario que cumpra os requisitos establecidos na presente convocatoria.

A contía determinarase en función do importe dos proxectos de accións de promoción que se presenten, podendo alcanzar ata o 100 % do dito importe, sempre que corresponda a gastos susceptibles de subvención conforme á base sexta.

Quinta.- Solicitudes: lugar, prazo de presentación e documentación:

1. As solicitudes, subscritas polo representante legal do consello regulador, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a presentación no rexistro xeral desta entidade ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 38.4 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo improrrogable de presentación de solicitudes, finalizará o 15 de xullo de 2016, inclusive.

3. As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:

I) Documentación administrativa:

a.- Solicitud dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases.

b.- Copia cotexada do CIF da entidade.

c.- Copia cotexada do DNI do representante da entidade.

d.- Indicación da data de publicación no Diario Oficial de Galicia do vixente regulamento regulador da denominación de orixe e do seu consello regulador.

e.- Poder co que actúe o representante do consello, agás que a dita función lle corresponda conforme ao regulamento do consello, en razón do seu cargo, en cuxo caso a validez da representación acreditarse mediante documento acreditativo do seu nomeamento ou elección.

f.- Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de acharse a entidade ao día nas súas obrigas



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

17

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

g.- Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo III.

h.- Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación presentada, da publicación do acordo de resolución do concurso, e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

A presentación do documento sinalado no apartado h) non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso e á emenda de deficiencias na xustificación, publicándose a información correspondente exclusivamente a través da páxina web e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 7ª e 11ª, respectivamente.

b) Documentación para a determinación da procedencia e contía da subvención:

Proxecto detallado das actuacións de promoción e xestión a realizar ou xa realizadas que se van a subvencionar así como a súa valoración económica, debidamente desagregada por conceptos., en ingresos e gastos.

Sexta.- Gastos susceptibles de subvención:

Considéranse gastos susceptibles de subvención aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei xeral de subvencións, formen parte do desenvolvemento das actuacións de promoción e xestión obxecto desta convocatoria

En todo caso, non serán susceptibles de subvención os seguintes gastos:

- Investimentos consistentes na realización de calquera tipo de obras.
- Gastos de adquisición de bens inventariables.
- Gastos de procedementos xudiciais.
- Os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e os impostos persoais sobre a renda.



(Sinatura do Presidente)

Folha N.º

18

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

- e) Os xuros, recargas e sancións administrativas e xudiciais.
- J) Xuros debedores de contas bancarias.

Sétima.- Procedemento de concesión:

1. O procedemento de outorgamento das subvencións que correspondan, efectuaranse individualmente, mediante concorrencia non competitiva, adxudicando as subvencións en atención á orde de entrada das solicitudes e ao cumprimento das condicións e requisitos establecidos nas presentes bases.

2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiránse ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación achegada.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Para a achega desta documentación poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo V destas bases.

Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para accións de promoción e xestión dos consellos reguladores das denominacións de orixe vitivinícolas da provincia de Ourense durante o ano 2016.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

3. Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá informe con proposta de admisión e non admisión das solicitudes presentadas.

A Presidencia formulará proposta de resolución do procedemento, indicando a contía das subvencións concedidas, dentro dos límites previstos na base cuarta. As subvencións unicamente poderán denegarse nos seguintes supostos:

- 1ª) Cando os solicitantes non cumpran os requisitos establecidos nestas bases.



Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

2ª) Cando o proxecto non se axuste ao previsto nestas bases.

Nos supostos en que o proxecto inclúa gastos non susceptibles de subvención ou se solicite unha contía superior aos límites establecidos na base cuarta, a subvención reducirase na parte que corresponda.

A proposta de resolución da Presidencia someterase a trámite de audiencia dos interesados. Non obstante, poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso, a proposta de resolución que se formule, terá o carácter de definitiva.

Oitava.- Resolución:

A proposta de resolución emitida pola Presidencia elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo de resolución do procedemento será de catro meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días desde a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida.

O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

Novena.- Publicación do acordo de concesión:

Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para a accións de promoción e xestión dos consellos reguladores das denominacións de orixe vitivinícolas da provincia de Ourense durante o ano 2016.



(Sinatura do Presidente)

Folha N.º

20

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertíndolles da publicación da resolución na páxina web <http://www.depourense.es>. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Décima.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario:

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para dar unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense ou dunha lenda alusiva ao feito de que as actuacións están subvencionadas pola Deputación, nos carteis e materiais impresos da súa actividade e/ou, se é o caso, na páxina web da entidade subvencionada ou beneficiario, ou da específica do proxecto.

No caso de incumprimento desta obriga, a Deputación poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Non obstante, non se esixirá o cumprimento desta obriga no suposto de actuacións totalmente realizadas con anterioridade á resolución da presente convocatoria.

Décimo primeira.- Xustificación e pago da subvención:

1. Os beneficiarios xustificarán a subvención concedida mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos seguintes documentos:

A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actuacións realizadas e dos resultados obtidos.

B) Relación clasificada dos gastos do proxecto, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión.

C) Relación detallada dos ingresos obtidos para o proxecto.

De ser o caso, nas relacións sinaladas nos apartados B) e C) indicaranse as desviacións acaecidas verbo do orzamento presentado coa solicitude, tanto no relativo aos ingresos como aos gastos.

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016**

D) Facturas xustificativas dos gastos (ordinarias ou simplificadas, de proceder estas últimas) en orixinal ou duplicado, ou copia cotexada do documento orixinal ou duplicado. O cotexo será realizado exclusivamente por funcionarios da Deputación de Ourense.

Non obstante, a presentación de facturas poderá substituírse pola dos documentos que se indican nos seguintes casos:

- Nos supostos en que non exista obriga legal de emitir factura, o gasto xustificárase mediante recibín asinado pola persoa que efectúa o pago e a persoa que realiza o cobro, que deberá figurar identificada co seu nome e apelidos e NIF (no caso de persoas físicas) ou a súa razón social e NIF (no caso de persoas xurídicas).

En todo caso, os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

E) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

F) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina web da entidade ou da específica do proxecto (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais).

2. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

3. A conta xustificativa presentarase conformada polo presidente da entidade.



(Sinatura do Presidente)

Folha N.º

22

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

4. Ao tratarse de subvencións concedidas mediante concorrencia non competitiva, e tendo en conta que a contía da subvención está limitada a 50.000 euros e ata o 100 % do importe do proxecto, sen que a presentación dun proxecto por importe maior teña incidencia na determinación da contía, non será necesario acreditar a realización da totalidade do gasto previsto no proxecto cando este fose superior a 50.000 euros, sempre que a redución de gasto non implique unha alteración substancial do dito proxecto e sempre que o gasto realizado sexa igual ao 100 % do concedido. En caso de que o gasto sexa inferior ao da subvención, esta axustarase á contía xustificada previa a tramitación do correspondente expediente de declaración de perda parcial do dereito ao seu cobro.

5. De advertirse deficiencias de carácter emendable na conta xustificativa, a Presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para a accións de promoción e xestión dos consellos reguladores das denominacións de orixe vitivinícolas da provincia de Ourense durante o ano 2016.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

6. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia declarárase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago, que será de trinta días naturais contados desde a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016**

7. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia, ou ao deputado no que delegue.

8. Sen prexuízo do anterior (e adicionalmente ao control financeiro simplificado previsto no apartado 2, parágrafo 2º desta base) a Intervención da Deputación Provincial poderá esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

9. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación antes do 30 de novembro de 2016. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes do 30 de novembro. As prórrogas unicamente se concederán ata o 30 de decembro.

10. Como regra xeral, as subvencións seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais desde que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a pedimento dos interesados, suxeitos á constitución de garantía por importe do 100% do anticipo solicitado. Para estes efectos, admitiranse as seguintes garantías:

- a) Aval de entidade de crédito
- b) Seguro de caución
- c) Fianza en metálico
- d) No suposto de subvencións por importe de ata 6.000 euros, admitirase fianza solidaria prestada por dous ou máis persoas físicas e xurídicas, sempre que estas acrediten suficientemente a súa solvencia económica.

Décimo segunda.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei, así como ás obrigas de publicidade.



Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016**Décimo terceira.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:**

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Décimo cuarta.- Reintegro ou perda do dereito ao cobro das subvencións:

En caso de incumprimento do beneficiario por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro incluírá sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, ditarase a resolución que corresponda pola Presidencia.

Décimo quinta.- Normativa supletoria:

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

2º.- Aprobar a convocatoria das subvencións reguladas nas devanditas bases, ordenando a inserción do correspondente anuncio no BOP, e acordar a aprobación do gasto correspondente.

ANEXOS:**ANEXO I**

**SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA ACCIÓNS DE PROMOCIÓN E XESTIÓN
DURANTE O ANO 2016**



(Sinatura do Presidente)

Folha N.º

25

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

D/D.ª		DNI/NIE
REPRESENTANTE LEGAL DE		CIF
ENDEREZO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MOBIL	
ENDEREZO ELECTRÓNICO		

EXPÓN:

Que a entidade que represento cumpre os requisitos esixidos na convocatoria de subvencións para a realización de accións de promoción e xestión durante o ano 2016.
Que asume todos os compromisos reflectidos na devandita convocatoria e acompaña a documentación esixida nesta.

SOLICITA SUBVENCIÓN PARA O SEGUINTE PROXECTO:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	
ORZAMENTO DO PROXECTO	€
CONTÍA SOLICITADA	€

Ourense, ____ de ____ de 2016

(Selo da entidade)

(Sinatura)

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

**ANEXO II
DECLARACIÓN**

Don/a _____
con DNI _____ en representación da entidade _____
con CIF _____

DECLARO:

- Que non me atopo incurso/a en ningún dos supostos de incompatibilidade aos que se refire o artigo 13.2 d) da Lei xeral de subvencións.



(Sinatura do Presidente)

Folha N.º

26

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

- Que a entidade ou organismo ao que represento non se atopa incursa/o en ningunha das prohibicións de obtención de subvencións da Deputación Provincial de Ourense ás que se refire o artigo 13 da Lei xeral de subvencións.
- Que a entidade ou organismo ao que represento está ao día nas súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica e coa Seguridade Social.

E para que conste, para os efectos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, asino esta declaración en Ourense, o _____ de _____ de 2016.

Asdo.: _____

ANEXO III

DECLARACIÓN DE AXUDAS

D/D^a. _____ en representación da entidade _____ con CIF _____ **DECLARA** que presentou a/s solicitude/s e lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para os mesmos fins:

Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	Concesión (1)	Contía

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase pendente na columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada.

☐ Non ter solicitado nin, en consecuencia, terlle sido concedida ningunha axuda para o mesmo fin, sexan públicas ou privadas.

Ourense, _____, de _____ de 2016

Asdo.: _____

ANEXO IV
AUTORIZACIÓN

D./D^a. _____, titular do DNI/NIE n.º _____

AUTORIZO

Á Deputación Provincial de Ourense a facerme as comunicacións para recibir, a través do correo electrónico e/ou sms, indicados na solicitude, a comunicación do aviso do inicio do



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

27

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación, da publicación do acordo de resolución do concurso, e de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención outorgada no concurso para a concesión de subvencións para accións de promoción e xestión durante o ano 2016.

Ourense _____ de _____ de 2016.

Asdo.: _____

ANEXO V

D./D^a. _____

con DNI _____ en representación de _____

_____ con CIF _____, achégolle a documentación solicitada para unir ao expediente de solicitude de subvención para a realización de accións para a realización de accións de promoción e xestión durante o ano 2016.

Ourense, _____ de _____ de 2016

Asdo.: _____

(Nome e apelidos)

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á AGRUPACIÓN CORAL DE RUADA.- No Pleno de data 25 de setembro de 2015, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2016, e con cargo á aplicación 48911-33420, a cantidade de 6.000,00 euros a favor da Agrupación Coral de Ruada, para gastos de funcionamento e mantemento da entidade correspondentes ao ano 2016.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Agrupación Coral de Ruada, nos seguintes termos:

-Importe: 6.000,00 €.

-Obxecto: gastos de funcionamento e mantemento da entidade correspondentes ao ano 2016.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa polo importe do 100% da subvención concedida, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.



(Sinatura do Presidente)

Folho N.º

28

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2016.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ESTACIÓN DE INVIERNO MANZANEDA

SA.- No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/479.01, a cantidade de 71.000,00 euros a favor da Estación de Inverno Manzaneda SA, para campamento de iniciación ao esquí para nenos da provincia de Ourense 2016.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Estación de Inverno Manzaneda SA, nos seguintes termos:

-Importe: 71.000,00 €.

-Obxecto: campamento de iniciación ao esquí para nenos da provincia de Ourense.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa polo importe do 100% da subvención concedida, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei,



(Sinatura do Presidente)

Folho N.º

29

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de agosto de 2016.

8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A INSTALACIÓN E COLOCACIÓN DUNHA VIDREIRA NA IGREXA PARROQUIAL DE SOBRADELO PERTENCENTE AO BISPADO DE ASTORGA, E DECLARACIÓN DO CONCELLO DE CARBALLEDA DE VALDEORRAS COMO ENTIDADE COLABORADORA.

- No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01, a cantidade de 6.000,00 euros, para instalación e colocación dunha vidreira na Igrexa Parroquial de Sobradelo, do municipio de Carballeda de Valdeorras, pertencente ao Bispado de Astorga.

Unha vez vista a solicitude formulada polo cura-párroco de Sobradelo, comprobado pola Sección de Subvencións que a solicitude de referencia cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Bispado de Astorga-Parroquia de Carballeda de Valdeorras, nos seguintes termos:



(Sinatura do Presidente)

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

1. Conceder ao Bispado de Astorga, a través do Concello de Carballeda de Valdeorras, unha subvención co obxecto e condicións que se establecen nos apartados 2, 3 e 4. O Concello de Carballeda de Valdeorras, en virtude do sinalado no artigo 12 da *Lei xeral de subvencións e 9 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia*, ten a consideración de entidade colaboradora desta Deputación, actuando en nome e por conta desta, para os efectos relacionados coa presente subvención, quedando obrigada fronte aos beneficiarios finais da subvención, co alcance e nos termos e condicións indicados *Lei 38/2003, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 260 de data 12/11/2015* para a instalación e colocación dunha vidreira na Igrexa Parroquial de Sobrado.

2.-Importe: 6.000,00 €.

3.-Obxecto: instalación e colocación dunha vidreira na Igrexa Parroquial de Sobrado de Carballeda de Valdeorras.

4.-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da *Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei*, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de Subvencións desta entidade, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de 30 días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da *Lei xeral de subvencións*, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será necesario acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar ao reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.



(Sinatura do Presidente)

Folha N.º

31

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

-Prazo xustificación: ata o 16 de agosto de 2016

9.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE PIÑOR.- No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.10 unha subvención nominativa, por importe de 8.000,00 euros, a favor do Concello de Piñor, para organización rally mix.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Piñor, nos seguintes termos:

-Importe: 8.000,00 euros.

-Obxecto organización rally mix.

-Xustificación: A subvención xustificarse mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto á actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que os gastos xustificadas acadan o 100% da subvención concedida.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 8 de xullo de 2016.

10.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE PONTEDEVA.- No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2016 de



(Sinatura do Presidente)

Foto N.º

32

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 54.500,00 euros, a favor do Concello de Pontedeva, para o acondicionamento da antiga escola de Xinzo para vivenda unifamiliar.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Pontedeva, nos seguintes termos:

-Importe: 54.500,00 euros.

-Obxecto: acondicionamento da antiga escola de Xinzo para vivenda unifamiliar.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto á actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de outubro de 2016.

11.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBÍA.- No Pleno de data 25 de setembro de 2015, acordouse consignar no orzamento



(Sinatura do Presidente)

Folha N.º

33

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

xeral para o ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 6.000,00 euros, a favor do Concello de Xunqueira de Ambía, para pintado de elementos de iluminación pública.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Xunqueira de Ambía, nos seguintes termos:

-Importe: 6.000,00 euros.

-Obxecto: pintado de elementos de iluminación pública.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto á actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de setembro de 2016.

12.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBÍA.

- No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á



(Sinatura do Presidente)

Folha N.º

34

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 18.000,00 euros, a favor do Concello de Xunqueira de Ambía, para a recuperación do conxunto etnográfico A Pousa.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Xunqueira de Ambía, nos seguintes termos:

-Importe: 18.000,00 euros.

-Obxecto: recuperación do conxunto etnográfico A Pousa.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto á actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de setembro de 2016.

13.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE XUNQUEIRA DE

ESPADANEDO.- No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento,



(Sinatura do Presidente)

Folha N.º

35

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 40.000,00 euros, a favor do Concello de Xunqueira de Espadanedo, para remate e funcionamento do Museo de Alfarería.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Xunqueira de Espadanedo, nos seguintes termos:

-Importe: 40.000,00 euros.

-Obxecto: remate e funcionamento do Museo de Alfarería.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto á actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de outubro de 2016.

14.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

16.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.



Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 10 de xuño de 2016

E, ás dez horas e trinta minutos, do referenciado día dez de xuño do ano dous mil dezaseis, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

